



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada: Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración de contas anuais

CONVOCATORIA: Xornada Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración de contas anuais

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 08/12/2018 - 08:00h ao 17/12/2018 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A posta en funcionamento da recente instrución de contabilidade de Administración local (ICAL 2013), que introduce un marco conceptual novo no ámbito da Administración local, supón a necesidade de actualización dos coñecementos contables das persoas responsables de intervención e contabilidade destes entes.

A presente xornada ten por obxecto analizar, desde unha perspectiva práctica, as operacións de contabilidade pública que realizan as entidades locais no fin do exercicio orzamentario, tanto desde un punto de vista económico como orzamentario e patrimonial.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público da Administración local con habilitación de carácter nacional que pertenza á subescala de intervención-tesouraría e secretaría-intervención. Persoal técnico das entidades locais que realice funcións relacionadas co contido da xornada.

PROGRAMA

- Operacións previas á regularización e peche:
 - Reclasificación das operacións.
 - Reclasificacións non formalizadas.
 - Axustes de periodificación.
 - Correccións valorativas.
 - Axustes de activos e pasivos financeiros.
 - Valoración de existencias.
 - Operacións de exercicio derivadas dos procedementos especiais.
- Operacións de fin de exercicio:
 - Regularización do orzamento de ingresos.
 - Regularización da contabilidade da xestión de recursos por conta doutros entes públicos.
 - Cálculo dos resultados económico patrimoniais.
 - Regularización dos gastos e ingresos imputados ao patrimonio.
- Operacións de peche:
 - Peche do orzamento de gastos.
 - Peche do orzamento de ingresos.
 - Peche da contabilidade económico patrimonial.
 - Cambios de criterios contables, erros e estimacións contables.
 - Feitos posteriores ao peche.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Todas as persoas solicitantes deberán enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, achegando a certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no punto 3 da convocatoria (persoas destinatarias). Serán excluídas aquelas solicitudes que non acompañen a dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 13 de decembro de 2018.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago

INICIO / FIN: 19/12/2018 a 19/12/2018

NUM. PRAZAS: 80

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Francisco López Corrales

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 5: O día 19 de decembro de 10:00 a 14:00. O día 19 de decembro de 16:00 a 18:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA